



ACORDOS COMITÉ DE XIMNASIA ACROBÁTICA

Ourense, 29 de Outubro do 2017

1. CALENDARIO COPA GALICIA INTERNACIONAL 2018.

Para fixar a data da Copa Galicia Internacional do 2017 tense en conta o calendario de Portugal. Hai diferenza de opinión entre os membros do Comité para decantarse por unha data xa que como expón Isaura Hermida para o seu clube supón un perxuízo realizala o primeiro fin de semana de Febreiro pola falta de instalación en período navideño. Finalmente tras barallar distintas posibilidades acórdase fixar a data da Copa Galicia Internacional o derradeiro fin de semana de Febreiro, é dicir, o 23-24-25 de Febreiro. Propónse a sede de Marín, Pavillón da Raña, para celebrala xa que o Concello comprométese a colaborar na organización.

Acórdase que os clubs galegos só teñan que aportar 1 xuíz independentemente do número de ximnastas que presenten.

Acórdase que, de ser posible, se manteña a mesma data para a realización da Copa Galicia Internacional de Acrobática e así sexa un evento fixo como é o caso do MIAC. Tratarase de falar co Concello de Marín para ver esta posibilidade e de saír adiante tratarase de informar aos clubs participantes nesta edición, mediante unha invitación, da data fixada para a Copa Galicia 2019.

Acórdase informar que para a competición contarase cos dous practicables na pista.

Trátase tamén as datas dos campionatos autonómicos quedando provisionalmente como segue:

- Cpto. Galego Base e Élite: 28 ou 29 de Abril. Sede: a designar.
- Cpto. Galego Escolar: 02 ou 03 de Xuño, conxuntamente ca Final da Copa Diputación de Ourense.

Jorge Méndez expón que o club Flic Flac está interesado en solicitar a realización do vindeiro Cto. de España de Acrobática en Vigo. Para elo solicitou reunión co Concelleiro de Deportes de Vigo e estáse pendente das datas que estableza a RFEG para os vindeiros Cptos. de España do resto de modalidades.

2. NORMATIVAS 2017.

Adxuntase o regulamento da Copa Galicia Internacional para 2018 modificado tanto en castelán como en inglés.

Adxuntase tamén a normativa rectificadora do Cpto. Escolar de Acrobática 2018.



3. TECNIFICACIÓN.

De cara a tecnificación de 2018, do que aínda non se coñece o importe asignado, acórdase que se destine o importe que sexa necesario a sufragar os gastos que teñan os equipos que se clasifiquen o Cto. do Mundo de Acrobática que se celebrará en abril en Bélxica.

Se sobrasen cartos éstos invertiríanse, por este orden, nos seguintes proxectos:

1. Formación dos adestradores cun técnico extranxeiro recoñecido e con experiencia.
2. Concentración con equipos de categoría Cadete dos diversos clubs de Galicia para pór en común entre os adestradores asistentes correccións e melloras nos adestramentos.

4. SUXERENCIAS E PREGUNTAS.